# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2020/5 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 28 de agosto de 2020 |
| **Duración** | Desde as 10:00 ata as 11:30 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | rocio lopez garcia |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 76580879X | rocio lopez garcia | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

Begoña González Pedregal (1 para 2)
Secretaria - Interventora
Data de Sinatura: 02/09/2020
HASH: 567121f86601f53738f59bc1f9c4a338

rocio lopez garcia (2 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 02/09/2020
HASH: 3138d77e67743bc51523075352b99a94

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 40



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 23/07/2020.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e tres de xullo dous mil vinte (23/07/2020), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes. | |

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 40



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| **Expediente 54/2019. Licenzas Urbanísticas. INMOART 1961 SL. ADECUACIÓN INTERIOR DE VIVENDA PARA PENSIÓN E BAR** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **Dª. ANGELITA CAMPOS CANCIO**,con NIF.****0826X, con domicilio en C/Antonio López núm.2 (28991 Torrejón de la Calzada), con data 22/01/2019 e núm.142 de rexistro de entrada, en representación de **INMOART 1961 SL,** con CIF. B87323283, para a realización dos traballos consistentes en **ADECUACIÓN INTERIOR DE VIVENDA PARA PENSIÓN-BAR** en C/ Calvo Sotelo núm. 11, parroquia de Santa María, na parcela con Referencia Catastral 7653009PJ3175S0001HH na zona de policía do Río Baos. Acompáñase á solicitude proxecto técnico sen visar de data Xaneiro 2019, redactado por Dª. Aurora María López Barrós, arquitecta colexiada núm. 3177 do COAG.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 06/08/20 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Ordenanza de aplicación 01C; Residencial Intensiva en Mazá Compacta.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Faise constar que as obras solicitadas refírense ao acondicionamento interior dunha edificación existente para a súa transformación en pensión e bar, ambas actividade encadradas no uso de equipamento residencial-categoría 4ª- e no de espectáculos e salas de reunión e de festas-Clase B- respectivamente, ambos usos permitidos pola Ordenanza O1-Residencial Intensiva en todas as súas categorías, permitido pola ordenanza de aplicación. Segundo o proxecto aportado redactado pola arquitecta Doña Aurora María López Barrós en data xaneiro-2019, as obras refírense a modificacións da distribución interior, acabados e instalacións e colocación de carpintería interior, sen que afecten á envolvente do edificio polo que non é necesario informe da Consellería de Cultura.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 40

Indícase que ademais teranse en conta as condicións xerais e particulares que figuran na Resolución de Augas de Galicia, de data 23 de novembro de 2019, expte. DH.W27.65790 e que se transcriben literalmente:

"*A.-XERAIS:*

*1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*

*2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*

*3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

*4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*

*5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*

*6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.*

*7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.*

*8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.*

*B.-PARTICULARES:*

*1.- As obras consistirán na adaptación interior para pensión-bar de*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 40

*vivenda existente con referencia catastral 7653009PJ3175S0001HH, na Rúa Calvo Sotelo núm.11 no Concello de Lourenzá (Lugo).*
*A propiedade pretende a adecuación da parte das estancias da vivenda para pensión, conservando unha parte como vivenda para os propietarios do inmoble e na planta semisótano de acceso dende o vial inferior, vaise acondicionar como bar.*
*A nova actividade exixe, fundamentalmente, a renovación de instalación, a execución da tabicaría para os aseos e a colocación de acabados exteriores. As obras no implicaran cambio de volume. En todo caso esta autorización non supón a legalización da obra preexistente.*
*A vivenda sitúase a unha distancia duns 51 m.,medidos polo punto máis próximo entre as obras e a marxe dereita do río Baos, na súa zona de policía de leitos.*
*2.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias dos dos ríos e regatos), quedando en todo caso expedita.*
*3.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.*
*4.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas de vexetación de ribeira,salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.*
*5.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as obras se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse sistemas físicos/barreiras.*
*6.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se deixarán materiais ou residuos no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable do rego), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas. Extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteración na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.*
*7.- Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable). De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 40

*que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.*
*8.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais,establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.*
*9.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, anamios ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do edificio, estas colocaranse preferentemente fóra da zona de servidume de leitos, da zona de fluxo preferente e preferentemente das zonas inundables, e adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos.*
*10.-Infórmaselle que segundo estudos desenvolvidos por Augas de Galicia de "delimitación dos Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación de Galicia Costa", o lugar das actuacións está nas proximidades da Área de Risco Potencial Significativo de Inundación (ÁRPSI),do río Batán, polo que deberá extremar as precaucións á hora de realizar as obras e deberá trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das posibles medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.*
*11.-Recoméndase ao promotor á adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección fronte a enchentes da súa vivenda/pensión segundo Lei 17/2015 de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a normativa da Comunidade Autónoma.*
12.- Será responsabilidade do solicitante a adopción e transmisión aos usuarios das posibles medidas de prevención e/ou protección de bens e persoas a adoptar no caso de producirse enchentes que puideran afectar á construción. Recoméndase ao promotor que poña en coñecemento dos futuros usuarios das vivendas e pensión-bar, o recollido no Anexo VIII("Consellos á poboación ante o risco de inundacións") da Resolución de 4 de outubro de 2016 pola que que publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de



Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 40

inundacións en Galicia (INUNGAL).
*13.- Esta entidade pública non será responsable da solución técnica e estrutural elixida polo solicitante.*
*14.- Os residuos xerados durante a execución deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente.*
*15.- Lémbraselle que, no caso de non estar a vivenda conectada a redes municipais de saneamento, se se producisen vertidos á rede hidrolóxica(subterránea ou superficial), susceptibles de provoca-la contaminación ou degradación do dominio público hidráulico, viría obrigado a solicita-la preceptiva autorización de vertido ante Augas de Galicia.*
*16.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación ( tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando , etc. ata conseguir a súa situación primitiva.*
*17.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.*
*18.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."*
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar oitocentos dezaseis euros con cincuenta e dous céntimos (816,52) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en vinte e sete mil douscentos dezasete euros con trinta e catro céntimos (27.217,34).
A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 241/2020. Licenzas Urbanísticas. ADECUACIÓN INTERIOR DE VIVENDA E APERTURA DE OCOS. Dª Mª DEL CARMEN LÓPEZ GONZÁLEZ**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asenti |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 40

mento

Vista a solicitude de licencia formulada por **Dª. MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ GONZÁLEZ**, con NIF.****5808G, con domicilio no lugar de Tilleira núm. 22, parroquia de Santa María (Lourenzá), con data 26/05/2020 e núm. 884 de rexistro de entrada, para a realización dos traballos consistentes en ADECUACIÓN INTERIOR DE VIVENDA e APERTURA DE DOS OCOS DE 30X30 EN DOUS BAÑOS EXISTENTES, en C/ Casas Novoa núm. 4-3º dta., parroquia de Santa María, con Referencia Catastral 7849012PJ3174N0006ML, para o que acompaña unha pequena Memoria descritiva das obras a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 04/08/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Ordenanza de aplicación: Solo Urbano – Ordenanza 01B-Residencial Intensiva en mazá con patio.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

As obras solicitadas refírense á substitución das pezas do baño, alicatado, pintura de interiores e colocación de tarima, todas elas de escasa complexidade técnica e que non supoñen alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario proxecto técnico e ó tratarse de obras interiores que non afectan ao exterior non é necesario informe da Consellería de Cultura.

- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar mil douscentos trece euros (213,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en sete mil cen euros (7.100,OO). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 618/2017.LICENCIA URBANÍSTICA. LEGALIZACIÓN ACTUACIÓNS EXECUTADAS EN VIVENDA TRADICIONAL. Dª Mª**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 40

| **CARMEN FERNÁNDEZ LÓPEZ** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por Dª. CARMEN FERNÁNDEZ LÓPEZ, con NIF. ****4270K, con domicilio a efectos de notificacios en Rúa Cervantes 20-4ºC (27780 Foz) con data 09/10/2019 e núm. 2117 de rexistro de entrada, para a realización dos traballos consistentes en LEGALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS EXECUTADAS EN VIVENDA TRADICIONAL sita no lugar de Pateira de Arriba, parroquia de San Adriano (Lourenzá), parcela con referencia catastral 27027C009027100000DY.

A vivenda situase no contorno de protección dun hórreo anterior ao ano 1901, e polo tanto, ben de interese cultural en virtude do artigo 92.1 da Lei 5/2016 de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, quedando definido o seu contorno de protección polo artigo 38 da mesma Lei.

Acompañase á solicitude proxecto técnico de legalización, de Decembro 2016, redactado pola arquitecta Dª. Aurora María López Barros, colexiada núm. 3177 do C.O.A.G, con visado 1608249, 4 de 03/01/2017, así como Memoria de Actuacións Menores para subsanación de deficiencias, de data Novembro/2017 (sen visar), redactada por la mesma arquitecta.

*Vista a documentación presentada así como os informes* xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 30/07/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Ordenanza de aplicación: Solo Rústico de protección agropecuaria e dentro do contorno de protección dun hórreo catalogado BIP`.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Especifícase no mesmo que o presuposto determinouse en base ao custo das obras obxecto de legalización sen que conste na documentación aportada obras de acondicionamento interior e que polo tanto non se inclúen na licencia e que consta no expediente Memoria de actuacións menores para subsanación de deficiencias



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 9 a 40

que non inflúen no presuposto.

- Por tratarse dunha edificación tradicional, de acordo co disposto no artigo 40 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, permítense ampliacións que non superen o 50% do volume orixinario da edificación principal e por non tratarse dunha implantación dun uso novo, non é necesario autorización autonómica.

- Consta no expediente a Resolución favorable da Consellería de Cultura, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Expediente 17219.2, de data 01/10/2019, na que se indica que se autoriza o solicitado sempre e cando se cumplan as condicións contenidas na Memoria de actuacións menores a que se fai referencia tamén no informe do arquitecto técnico e que literalmente son que:

*"A estrutura da cuberta está executada con entramado de madeira e os aleiros executados son un remate ornamental. Polo que a súa eliminación non supón un risco para a estabilidade da edificación. Procederáse á retirada dos canos e da lousa das primeiras fiadas da cuberta para, posteriormente, picar o aleiro. Finalmente rematarase o borde da cuberta contra o paramento vertical e recolocarse o cano."*

Asimesmo consta no expediente informe do Servicio de Infraestructuras Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, de data 06/09/2017, Expediente MR110240, no que literalmente consta: *"Non procede por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias formular oposición ás actuacións pretendidas de legalización, sen que este Servizo se considere competente para analizar se concorren as circunstancias establecidas no artigo 63 do Decreto 143/2016, antes referido, no relativo á suficiente xustificación dunha ampliación en vivenda tradicional que debería ser preceptiva á emisión do título habilitante municipal.*

*O presente informe emítese sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar en valor o cumprimento dos requisitos urbanísticos para este tipo de actuacións, ou a procedencia ou non da legalización das actuacións, para o que este servizo non se considera competente e que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese proceder."*

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar mil douscentos dezanove euros con corenta e catro céntimos (1.219,44) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en corenta



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 40

mil seiscentos corenta e oito euros (40.648,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 329/2020. LICENZAS URBANÍSTICAS.SOLICITUDE DE Dª. MARÍA BLANCO LORENZO PARA SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN EDIFICACIÓNS EXISTENTES.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por Dª. MARÍA BLANCO LORENZO con NIF.****7511S, con domicilio no lugar de A Pena núm.5, parroquia de San Xurxo,con_data 06/07/2020 e que tivo entrada nas oficinas municipais o mesmo día 06/07/2020, sendo rexistrada de entrada co núm. 1237(GESTIONA 329/2020) para a realización dos traballos consistentes en SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN EDIFICACIÓNS EXISTENTES (PALLEIRA, ALMACÉN, BODEGA E LAVADOIRO) sitas no lugar de A Pena núm.5- parroquia de San Xuro, na parcela con Referencia Catastral 27027C003005180000DH, na zona de policía do Río Batán, marxe dereito da Estrada LU-122 :Paraxes (LU-120)-Lourenzá (N-634a), P. Km. 31+370, para o que se acompaña proxecto técnico visado redactado por Dª. Angeles Moirón Fernández, arquitecta técnica colexiada núm. 621 do COAAT, de fecha xullo /2020 e visado núm.2020/650 de 07/08/2020.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 20/08/20 a saber:
-Estrita suxeición ao solicitado.
-Normativa aplicable: SUELO RÚSTICO DE ESPAZOS NATURAIS das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e que é de aplicación o artigo 40 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, que establece que, previa obtención dó título habilitante municipal de



Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 40

natureza urbanística e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos de aplicación salvo o límite de altura, permitirase a rehabilitación e reconstrución e por razóns xustificadas a súa ampliación, incluso en volume independente, sen superar o 50% do volume orixinario da edificación tradicional. En calquera caso haberán de manterse as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria. Aos efectos do previsto en dito artigo, se considerarán edificacións tradicionais aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975 de 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana. Segundo a ficha de catastro as construcións datan de 1925.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
Indícase que ademais contase coa Resolución da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 01/04/2020, Expediente 515/2019 e que son as que se transcriben literalmente, a saber:
A) CONDICIÓNS PARTICULARES.
1.- Son autorizables as obras solicitadas por estar situadas fora da liña límite de edición ( 15 m. medidos dende a liña exterior de delimitación da calzada).
2.- Non se permitirán os acopios de materiais na zona de dominio público.
3.- Durante as obras deberá manterse limpa, en todo momento, a zona de circulación, para garantir a seguridade vial dos usuarios da estrada.
4.- Durante a execución das obras deberanse tomar as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación no treito afectado, colocando a sinalización e o balizamento oportuno regulado na Instrución 8.3-IC (BOE. Núm.224 de 18/09/1987).
5.-As obra autorizadas deberán ser executadas no prazo de doce meses a contar desde o dia seguinte á data desta resolución. Transcorrido este prazo sen que teña solicitado prórroga, esta autorización non terá validez nin efecto.
6.- Serán de aplicación as condicións xerais que se xuntan.
B) CONDICIÓNS XERAIS.
1.- A autorización outórgase a reserva das demais licencias e autorizacións, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporán en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.
A Administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria ou cando alteren os supostos determinantes do seu outorgamento.
2.- Esta autorización entenderase outorgada a precario na parte que afecte á zona de dominio público. As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnizacións, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a administración titular desta, e quedara obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados.
As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razóns dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.
3.- Se a obra, instalación ou actividade autorizada implicase a utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público das estradas de titularidade autonómica, xerará o dereito ao cobro da taxa regulada na sección V do Título II da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia ( DOG 11/12/2003), modificada pola Lei 12/20122, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG 30/12/2011) modificada á súa vez pola Lei 2/2013 de 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 40

4.- Se para a execución da obra ou uso desta fose necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente a preceptiva autorización deste Servizo.
5.- As obras executaranse conforme ó proxecto presentado para a obtención da autorización, no seu caso, e de acordo coas condicións desta.
6.- Non se poderán iniciar as obras sen que o persoal deste Servizo recoñeza a súa conformidade co seu replanteo. Para isto, o interesado deberá comunicar, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para dita operación. Estenderase unha acta de conformidade ou, no seu caso, deixarase constancia dos reparos oportunos, coa concesión do prazo necesarios para a súa corrección. A acta de conformidade do replanteo implicará o permiso definitivo de iniciación das obras.
7.- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal integrado neste Servizo. As obras executaranse cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade polas disposicións vixentes e , ademais destas, o peticionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.
8.- A Administración competente poderá dispoñer, sen máis trámites, en resolución motivada, a inmediata paralización das obras e a suspensión dos usos non autorizados ou que non se axuden ás condicións establecidas nas correspondentes autorizacións outorgadas por ela.
9.- As obras efectuaranse sen interromper nin dificultar o tránsito polas estradas e sen ocupar ningún dos seus elementos ( calzada, beiravías, gabias...), con materiais, medios auxiliares, maquinaria ou vehículos, salvo nas circunstancias e coas prescricións que expresamente se indiquen nas condicións particulares.
10.- Durante a execución das obras adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calquera outros materiais á plataforma ou gabias da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras ou por calquera outra causa.
11.- Aparte da que poida ser autorizada nas condicións particulares, durante a execución das obras non poderá establecerse ningunha outra sinalización que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita deste Servizo.
12.- O persoal deste Servizo recoñecerá a terminación das obras. Para estes efectos, o interesado comunicará, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para dita operación. Estenderase unha acta de conformidade, ou , no seu caso, faranse constar as obxeccións oportunas, concedéndose o prazo proporcionado para a súa corrección. A acta de conformidade implicará o permiso de uso das obras, actividades ou instalacións.
13.- O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade, con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ó seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das obras, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.
14.- A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisible previa notificación do cambio de titularidade a este Servizo.

No caso das autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público, o prazo máximo da autorización será de dez anos. Antes de que transcorra o prazo da autorización, a persoa titular poderá solicitar a súa renovación, que se tramitará como unha nova autorización adaptada, se é o caso, á normativa vixente nese momento.
15.- O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización, e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.
16.- O incumprimento de calquera das condicións impostas nesta autorización poderá ser considerada como infracción leve, grave ou moi grave, segundo o artigo 61 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e dará lugar á tramitación do expediente sancionador que proceda."

Indícase tamén que conta coa Resolución favorable do Organismo Autónomo de Augas de Galicia, de data 01/04/2020, Expediente 515/2019 e que deberan cumprirse tanto as condicións xerais como as particulares que figuran na dita la Resolución de Augas de Galicia de data 29/05/2020, Expediente DH.W27.68959 e que son as que se transcriben literalmente a continuación:

"A.-XERAIS:
1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade coa obria de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
3.- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 40

Augas de Galicia.
4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotacion estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
5.- Esta autorización queda suxeita ás disposición vixentes ou que no sucesivos se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado a súa indemnización e a realizar os traballos que a adminsitración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tambén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.
7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por esolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condiciones normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.
8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos e, en particular, da licenza municipal de obras.
B.- PARTICULARES:
1.-As obras consistirán na substitución da cuberta de varias edificacións existentes (palleira, almacén, adega e lavadoiro) na parcela con referencia catastral 27027C003005180000DH, no lugar da Pena, na parroquia de San Xurxo, no Concello de Lourenzá(Lugo) na zona de afección do río Batán.
2.- Esta autorización outórgase sobre a base de que neste momento non hai unha liña de deslinde definitivo do río e que se trata de obras de conservación e mantemento de edificacións xa existentes, polo que a actuación non debería supor un aumento de afección ao dominio público hidráulico e/ou ás súas marxes ou causar outros danos neles, sempre que se realice cunha correcta execución.
As obras que se autorizan deberán limitarse aos traballos de mantemento sinalados, sen aumentar as súas dimensións nin en forma nin en volume construído, sen que esta autorización supoña a legalización das obras preexistentes. Neste senso ( non se legaliza a obra preexistente), o titular asume a realización das obras tendo en conta que deberá estarse, de ser o caso, ao disposto na Lei de Augas e no seu RDPH, e, en todo caso, tendo en conta o carácter inalienable, imprescritible e inembargable do dominio público hidráulico.
3.- As obras non implicarán o cambio de uso nas edificacións.
4.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos (5 m. medidos a apartir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias dos ríos e regatos) quedando en todo caso expedita.
5.- Advírteselle ao titular que segundo estudos os Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación desenvolvidos por este organismo de conca, o Rio Batán, en parte da zona das actuacións están considerados dentro das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación(ÁRPSI) de Galicia Costa.
A estes efectos, o titular deberá tomar as medidas que considere axeitadas en materia de protección civil e será responsable dos danos que se poidan producir derivados da súa situación respecto do río.
Así mesmo, de conformidade coa normativa do Plan Hidrolóxico e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, o promotor presenta o 22/05/2020 unha declaración responsable na que expresa que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.
O interesado deberá dar cumprimento efectivo e tanxible ao contido da declaración responsable e xurada achegada.
Deberá er en conta este feito por se pode interferir na execución das actuacións.
A este efectos extremaranse as medidas de seguridade na execucións das actuacións debido á localización das actuacións na Área de Risco Potencial Significativo de Inundación, polo que as obras non se executarán en época de chuvias e deberá estar atento aos episodios meteorolóxicos.
As zonas de fluxo preferente e inundable poden consultarse no visor da web de Augas de Galicia na seguinte ligazón : http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/.
6.-Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.
7.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas de vexetación de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.
8.- De xeito xeral, as obras non alterarán o réxime hidrolóxico da zona e as augas discorrerán polos lugares que o farían de xeito natural.
9.-Evitaranse as escorrentías e enturbamento das augas, polo que as obras se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse sistemas físicos/barreiras.
10.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se deixarán materiais ou residuos no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía,zona de fluxo preferente e xona



Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 40

inundable do rego), nin en lugar susceptible de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas.Extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteración na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.
11.-Durante a execución das obras evitarase o vetido de produtos contaminantes cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable). De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción. Deberase ter tamén precaución coa canle dun muíño que se atopa lindando coa parcela, para evitar a contaminación destas augas.
12.- En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidad mínima esxible ás augas continentais,establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro *polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental* e o Real Decreto 1514/2009, *de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.*
13.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, andamios ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do edificio, estas colocaranse preferentemente fóra da zona de servidume de leitos públicos, da zona de fluxo preferente e preferentemente das zonas inundables, e adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade delas así como todas as medidas de seguridade precisas; colocaranse o tempo mínimo imprescindible. Neste senso deberá estar atento ás previsións metereolóxicas e ás alertas por enchentes, sendo responsabilidade do solicitante a retirada destes elementos.
14.- Será responsabilidade do solicitante a adopción e transmisión aos usuarios das posibles medidas de prevención e/ou protección de bens e persoas a adoptar no caso de producirse enchentes que puideran afectar á construción. Recoméndase ao promotor que poña en coñecemento dos futuros usuarios das vivendas e pensión-bar, o recollido no Anexo VIII("Consellos á poboación ante o risco de inundacións") da Resolución de 4 de outubro de 2016 pola que que publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL).
15.- Os residuos xerados durante a execución deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente.
16.-Os traballos non se executarán preferentemente en época de chuvias nin de enchentes previstas. Lémbraselle ao promotor a posibilidade de consulta das previsións meteorolóxicas nas webs públicas dos organismos competentes na materia para a planificación dos traballos (sección de "Avisos" de Meteogalicia e "Plan Meteoalerta" do AEMET).
17.- Esta entidade pública non será responsable da solución técnica e estrutural elixida polo solicitante.
18.-Unha ve rematadas as obras ou durante a súa execución , en todas aquelas zonad que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc, ata conseguir a sua situación primitiva.
19.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguídose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar prórroga con antelación sufciente á finalización do prazo establecido.
20.- Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia que procederá ó seu recoñecemento final cnos casos en que o considere oportuno.

3.- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.
4.-Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar OITOCENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (876,98)en concepto de Imposto de Construcións,Instalacións e obras, e que supón o 3% do presuposto toal da obra que ascene a VINTENOVE MIL DOSUCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (29.232,77).
5.-A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 40

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 40



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| **Expediente 245/2020. LICENZA URBANÍSTICA. SOLICITUDE DE Dª. ELENA FERNÁNDEZ VARELA PARA SUBSTITUCIÓN CUBERTA DE ALPENDRE E EDIFICACIÓN ANEXA.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por Dª. ELENA FERNÁNDEZ VARELA con NIF. ****3519W, con domicilio en Pimento núm.1, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá),con data 13/05/2020 e núm. 822 de rexistro de entrada (GESTIONA 245/2020), para a realización dos traballos consistentes_en REHABILITACIÓN CUBERTA PALLEIRA E EDIFICACIÓN ANEXA CUNHA SUPERFICIE DE 84M2 E 16 M2 RESPECTIVAMENTE, sita no lugar de Pimento núm.1, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá),parcela con referencia catastral 002101400PJ41A0001FZ, e sito no contorno de protección da Capela da antiga casa do Pintor/Catalogada. Acompáñase á solicitude Memoria Valorada ,de Marzo 2020, redactado por D. Oscar López Alba, arquitecto colexiado núm. 2576 del C.O.A.G.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 21/08/20 a saber:

-Estrita suxeición ao solicitado.

-Normativa aplicable: Núcleo Rural das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e Disposición Transitoria Primeira , punto 2.c) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, Contorno de protección da Capela da Casa do Pintor/Catalogada.

- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Faise constar que por tratarse de obras de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica, que non supoñen alteración do volume nin do uso, e tampouco afectan á cimentación ou estrutura do edificio, considéranse menores ( anexo 1.9 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016).

Indícase que ademais contase coa Resolución favorable da Delegación Territorial de Lugo, da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia de data 12/06/2020,



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 7RLC2G6RNFRQYXTW2JM99NW4Q | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 40

expediente 30179 e que se transcribe literalmente: Autorízase o solicitado dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, autonómica o calquera outros que fosen necesarios para a realización das intervencións recollidas na solicitude".
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
